

ESTATUTOS DE ESQUERDA NACIONALISTA

PREÁMBULO

1. Co presente documento regúlanse as bases estatutarias da organización política que toma a denominación de Esquerda Nacionalista (EN).
2. Esquerda Nacionalista constitúese como Partido Político dentro do BNG, asumindo os principios ideolóxicos programáticos e orgánicos do BNG.
3. Dentro das devandidas coordenadas, o ideario propio de Esquerda Nacionalista é o que se recolle no Documento de Principios Ideolóxico-Políticos e nas resolucións das súas Asembleas Nacionais.

DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1

A denominación do Partido é a de Esquerda Nacionalista, as súas siglas son as de EN.

Artigo 2

1. Esquerda Nacionalista basea o seu funcionamento no estrito respecto á democracia e na participación da súa militancia na tomada de decisións, compatíbel cunha estrutura orgánica áxil e dinámica.
2. De acordo con esta formulación xeral, Esquerda Nacionalista adopta como criterios organizativos fundamentais os seguintes:
 - a) **Territorialidade.** EN dótase dunha estrutura territorial baseada na constitución dos grupos assemblearios comarcais. Garantírase a representación dos grupos de base nos órganos de dirección superiores.
 - b) **Adhesión individual.** A afiliación a EN farase a título individual. Admitírase a integración de grupos ou colectivos xa existentes que, previa ratificación da Mesa Nacional, unha vez integrados, desaparecerán como tais colectivos.
 - c) **Decisións maioritarias e respecto ás minorías.** Aos diferentes niveis as decisións serán adoptadas por maioría, debendo ser respectadas estas decisións polos membros da Organización. Admítese a discrepancia pública, sempre que non formule contradición operativa coas decisións maioritarias de EN.
 - d) **Elexibilidade e revogabilidade dos cargos.** Todos os membros da Organización serán electores e poderán ser elexidos para calquer cargo. Todos os seus cargos poderán ser rexeitados, en calquer momento, polos seus electores.
 - e) **Direccións colexiadas.** Nos diferentes niveis os órganos de dirección terán un carácter colexiado, tomándose as decisións por maioría dos seus integrantes. Aos Secretarios nacionais, portavoces comarcais e no seu caso locais, competeralles a representación pública de EN nos diferentes niveis para os que foron elexidos.
 - f) **Mandato imperativo.** Os madatarios estarán obrigados a levar adiante a política e as decisións adoptadas pola maioría aos niveis que corresponda.

Artigo 3

Os militantes que discrepen das decisións adoptadas, poden manter o seu criterio sen romper a unidade de acción do Partido. Os discrepantes son libres de expresar as súas opinións no interior da Organización, asistidos pola a facultade de tentar cambiar polas canles estatutarias o que foi establecido nun momento dado.

TÍTULO I: DOS MEMBROS

Artigo 5

1. Poderá ser membro de Esquerda Nacionalista calquer persoa maior de idade que, aceptando os criterios organizativos e os principios da mesma, solicite o seu ingreso e non manteña militancia noutra organización política partidária.
2. A solicitude formal de ingreso deberá ser apresentada por algún/ha membro de Esquerda Nacionalista á Mesa Comarcal correspondente ou Responsábel Comarcal no seu defeto.
3. No caso de presentarse algunha obxección, deberá ser por escrito e debidamente motivada. A admisión será submetida á primeira Asemblea Comarcal ordinaria por celebrar, previa audiencia dos interesados. Contra a decisión da Asemblea Comarcal caberá recurso ante a Comisión Executiva Nacional.
4. Unha vez tramitadas as altas, estas serán remitidas no menor tempo posibel, sempre dentro do prazo dun mes, por parte do/a Responsábel Comarcal, ao Secretario/a de Organización co fin de sexan incluídas no Censo Nacional de Militantes.
5. Coa entrega do carné ao/a militante, a Mesa Comarcal facilitará copia dos Estatutos do Partido.

Artigo 6

6. Son dereitos dos membros:
 - a. Participar activamente e libremente na definición da liña política de EN e na tomada de decisións.
 - b. O dereito de elexir e ser electo en cantos procesos electorais internos e externos se propoñan, sen veto ou reparo algún que supoña discriminación ou ventaxa, salvo as limitacións que nos presentes Estatutos se sinalen por incompatibilidades. Será condición necesaria para exercer este dereito estar ao día na cotización.
 - c. Recibir todo tipo de información sobre as decisións adoptadas polos órganos do Partido nos distintos niveis e, en xeral sobre todas aquelas cuestións que afecten á vida interna, proxección externa e actividade do Partido através dos cauces orgánicos.
 - d. O dereito de discusión e crítica sobre posicións políticas propias e alleas, mediante a libre expresión oral ou escrita e a súa libre comunicación dentro do Partido.
 - e. Fóra da Organización, as manifestacións públicas, xuízos de valor e expresión de opinións, exerceranse libre, leal e responsabelmente cos límites do respecto a dignidade das persoas, así como as resolucións e acordos democráticamente adoptados polos órganos do Partido, no marco das súas competencias estatutarias.

- f. O dereito ao control político dos seus elexidos e responsábeis, baseado nunha información veraz na libre expresión, o respecto ás persoas e a suxección ao lugar e tempo regulamentarmente establecido.
- g. O dereito á protección externa polo Partido, fronte aos ataques inxustos; e interna, mediante a actuación imparcial e equitativa dos órganos competentes.

Artigo 7

Son deberes dos afiliados:

- 1.- A defensa activa e respecto dos intereses xerais da Organización, a Declaración de Principios, Programas, Resolucións e Estatutos aprobados polas súas Asembleas Nacionais, así como os acordos lexítimamente emanados dos seus órganos de dirección.
- 2.- A solidariedade material e moral cos demais militantes da Organización, o respecto ás súas opinións e posicións, ás súas persoas e á obrigada colaboración.
- 3.- O acatamento a cantas resolucións sexan ditadas polos órganos competentes no marco da súa actividade regulamentada e coas formalidades precisas.
- 4.- A remisión, através das canles orgánicas que se establezan, de canta información teña en relación ás tarefas de Organización.
- 5.- A aceptación daqueles cometidos de representación política que democraticamente lles sexan requeridos ou executivamente designados, segundo os casos e salvo circunstancias ou causa xustificada.
- 6.- A colaboración económica mediante cuotas ou participación nos seus ingresos, segundo o estipulado na carta financeira.

Artigo 8

O filiado/a que observe mala conduta cívica ou ética, falte o programa ou os acordos e resolucións do Partido, exprese públicamente as súas opinións en termos irresponsábeis ou con deslealdade ao Partido ou ós seus militantes, cometa actos de indisciplina, inxurie ou calunie a algunha persoa afiliada, ou de calquer outra forma viole as obrigacións que a todos os membros do Partido impoñen os presentes Estatutos, será sancionado, previos os tramites regulamentarios e mediante decisión dos órganos competentes, con medidas que poderán chegar até a expulsión en aplicación das normas internas vixentes.

Artigo 9

A perda da condición de membro de EN atenderá aos seguintes supostos:

- a. Por decisión voluntaria do propio militante.
- b. Por decisión da Mesa Nacional, previa proposta da Asemblea Comarcal correspondente.
- c. Por impago de 6 mensualidades da cota de EN.

Artigo 10

Calquera baixa que se produza na Organización terá que ser comunicada á Asemblea Comarcal na primeira sesión ordinaria que se celebre. Calquer alteración que se produza nos distintos censos comarcais deberá ser comunicada no menor tempo posibel, é sempre dentro do prazo máximo dun mes, por parte do/a responsable comarcal ao Secretario de Organización, quen deberá manter o Censo Nacional de Militantes permanentemente actualizado.

Artigo 11

Os militantes poderán acudir á Comisión de Garantías no caso de consideraren abusivas ou antiestatutárias determinadas resolucións. Calquer resolución fica en suspenso até que resolva a Comisión de Garantías, no caso de ser recabada a súa actuación.

TÍTULO II: DA ORGANIZACIÓN XERAL DO PARTIDO

Artigo 12

Esquerda Nacionalista estrutúrase en tres niveis orgánico-territoriais: Local, Comarcal e Nacional.

Artigo 13

O ámbito territorial da Asemblea Local é o Municipio. No caso das Asembleas Comarcais o seu ámbito será o que determine a Mesa Nacional.

Artigo 14

A Comisión Executiva Nacional regulará o proceso de renovación e constitución dos órganos executivos e de coordinación, dos niveis organizativos local, comarcal e distrital.

Artigo 15

Todo membro do Partido que traslade a súa residencia desde a área dunha Asemblea Comarcal ou Local a outra, deberá solicitar o seu traslado a esta e reconoceráselle automaticamente, se goza de todos os seus dereitos.

Artigo 16

Cando a actuación dos órganos que integran EN resultase contraria ao establecido nestes Estatutos, as resolucións da Mesa Nacional ou da Comisión Executiva Nacional, esta poderá suspender e deixar sen efecto a actuación do devandito órgano inferior remitíndose a resolución definitiva á primeira sesión que celebre a Mesa Nacional.

CAPÍTULO I: DA ORGANIZACIÓN NACIONAL

Artigo 17

A ORGANIZACIÓN NACIONAL de Esquerda Nacionalista estrutúrase con base na Asemblea Nacional, Mesa Nacional, a Comisión Executiva Nacional e a Comisión de Garantías.

SECCIÓN I: DA ASEMBLEA NACIONAL

Artigo 18

1. A Asemblea Nacional é o órgano supremo e soberano do Partido.
2. Unha vez convocada a Asemblea Nacional pola Mesa Nacional, os afiliados que se dean de alta no Partido non terán dereito a ser nen electores nen elixíbeis.
3. A Asemblea Nacional réunese ordinariamente cada tres anos, agás que circunstancias especiais de interese político u orgánico aconsellen a modificación desta previsión temporal.

Artigo 19

Compete á Asemblea Nacional:

- 1) Definir os principios e fixar os programas do Partido, establecer a liña política do mesmo e marcar a súa estratexia.
- 2) Debater e xulgar a xestión da Mesa Nacional, quen deberá presentar á mesma un Informe da súa xestión através do Secretario Nacional ou persoa en quen delegar.
- 3) Elexir a Mesa Nacional, o Secretario/a Nacional, ao/á Presidente/a e á Comisión de Garantías.

Artigo 20

A elección pola Asemblea Nacional da Mesa Nacional e da Comisión de Garantías realizaranse mediante votación secreta, previa presentación das candidaturas en listas completas, cerradas e bloqueadas.

Artigo 21

1. A Asemblea Nacional será convocada con 60 días de antelación,
2. Enviárase a todos os militantes unha proposta da Orde do Día provisional e a proposta de relatorios aprobados pola Mesa Nacional, asegurándose, en todo caso, o prazo de tempo imprescindible para a recepción dos relatorios oficiais, os alternativos e emendas que se apresenten, tanto se figuran no relatorio oficial como se non.
3. A Mesa Nacional, a través da Executiva Nacional, enviará, coa antelación fixada por esta para a celebración da Asemblea, ás Asembleas Comarcais e aos militantes unha memoria con todos os relatorios e propostas recibidas.
4. Tanto as Resolucións da Asemblea Nacional, como o resultado das Convencións Nacionais, serán editadas pola Dirección do Partido que se responsabilizará da súa distribución á militancia.

Artigo 22

1. Cando circunstancias especiais aconsellen a convocatoria dunha Asemblea Nacional Extraordinaria ou cando proceda para tratar sobre algún tema específico, esta será cunha antelación mínima de 30 días.
2. A Asemblea Nacional Extraordinaria poderá ser convocada pola maioría simple da Mesa Nacional e, preceptivamente, cando o pidan un terzo dos militantes; a Mesa Nacional determinará a data e lugar da xuntanza, así como os puntos da Orde do Día.
3. A Asemblea Nacional Extraordinaria só pode adoptar resolucións sobre as materias previstas na Orde dos Traballos para o cal foi convocada.

SECCIÓN II: DA MESA NACIONAL

Artigo 23

A Mesa Nacional constitui o máximo órgano entre a celebración das Asembleas Nacionais.

Artigo 24

Está constituída por:

a) Membros natos, con voz e voto:

- Os/As membros eleitos/as pola Asemblea Nacional.
- Os representantes de E.N. no Consello Nacional do BNG.
- O/A representante de EN/Mocidade pola súa Asemblea.

b) Membros elexidos con voz e voto:

- Os/as Secretarios/as Comarciais elexidos en Asembleas Comarciais.
- Os/as representantes das Asembleas Comarcais elexidos a razón de 1 representante por cada 50 militantes engadindo un representante máis por fracción igual ou superior a 25.

A elección destes membros efectuarase nas Asembleas Locais e Comarcais tendo en conta o censo de militantes pechado para a celebración da Asemblea Nacional -Os/as Coordinadores Distritais eleitos polas Mesas Distritais.

Artigo 25

Serán competencias da Mesa Nacional:

- 1) Convocar a Asemblea Nacional
- 2) A aplicación e concreción das liñas políticas xerais definidas pola Asemblea Nacional anterior
- 3) A definición de alternativas políticas concretas
- 4) A fixación do réxime de cotización e controle das finanzas
- 5) A formación
- 6) A propaganda e relación cos medios de comunicación e outras organizacións políticas
- 7) A designación dos membros da organización que deban integrarse nos órganos nacionais de dirección do BNG.
- 8) Examinar a xestión da Comisión Executiva Nacional esixíndolle no seu caso, a responsabilidade política mediante adopción por maioría absoluta na moción de censura que deberá ser proposta, cando menos polo 20% dos seus membros e deberá figurar na Orde dos Traballos da sesión da Mesa Nacional. A moción de censura pode propoñerse contra todos ou algún dos membros da Comisión Executiva Nacional e deberá ser razoada. En caso de prosperar, o Secretario Nacional deberá presentar á Mesa Nacional unha nova proposta de Comisión Executiva Nacional ou de nova Secretaría sectorial
- 9) Aprobar o regulamento interno da Comisión de Garantías.
- 10) Recabar información dos representantes do Partido no Consello Nacional do BNG.
- 11) Aprobar os orzamentos ordinarios e extraordinarios do Partido a proposta da Comisión Executiva Nacional através do Secretario Nacional das Finanzas.
- 12) Cubrir as vacantes que se produzan na Comisión Executiva Nacional a proposta do Secretario Nacional e na Comisión de Garantías. Cando a vacante corresponda ao Secretario Nacional convocarase un Asemblea Extraordinaria, de non ter prosperado o disposto no artigo 43 punto 2.
- 13) Dar conta da súa xestión á Asemblea Nacional através do Secretario/a Nacional.
- 14) Aprobar no seu caso, a convocatoria e conclusións de xornadas ou seminarios que se convoquen para desenvolver a liña política do Partido.
- 15) Designar ou afastar da súa responsabilidade ao/à Director e Consello de Redacción do órgano Oficial do Partido a proposta da Comisión Executiva Nacional.
- 16) Aprobar o regulamento da Asemblea Nacional.
- 17) Fixar as cotas especiais de altos cargos e asimilados, así como as cuotas extraordinarias.

Artigo 26

A Mesa Nacional reunirase ordinariamente cada dous meses, convocada pola Comisión Executiva Nacional. As sesións ordinarias deberan ser convocadas, polo menos, con 7 días de antelación.

Artigo 27

1. Mesa Nacional pode ser convocada con carácter extraordinario a petición dun terzo dos seus membros ou da mesma Comisión Executiva,
2. As sesións extraordinarias serán convocadas coa urxencia que requira o caso, e os acordos recaídos serán válidos sempre que foran convocados por escrito tódolos seus

membros e se dese o quorum mínimo de dous tercios.

Artigo 28

Cando se produzan vacantes entre os membros da Mesa Nacional, procederase a unha nova elección polas instancias correspondentes.

SECCIÓN III: DA COMISIÓN EXECUTIVA NACIONAL

Artigo 29

A **COMISIÓN EXECUTIVA NACIONAL** ficará composta de entre o membros electos na Mesa Nacional, entre os que estarán o Secretario Nacional, o Presidente Nacional, Coordinador Executivo, Secretario de Organización e Secretario das Finanzas.

Artigo 30

A Executiva Nacional será eleita en lista pechada e a proposta do Secretario Nacional eleito/a, devendo contar ademais coa aprobación maioritaria da Mesa Nacional.

Artigo 31

A Comisión Executiva Nacional ten como atribución principal realizar a política definida polos órganos do Partido, a Asemblea Nacional e a Mesa Nacional adoptando para iso todas as decisións que sexan precisas para o cumprimento das funcións do partido e que non estexan estatutaria ou regulamentariamente reservadas a outros órganos.

Artigo 32

A Comisión Executiva Nacional aplica permanentemente a política do Partido e son funcións específicas dela:

1. A coordinación e dinamización da vida interna do Partido.
2. As relacións con outros grupos políticos.
3. A administración dos bens do Partido.
4. A realización de cantas actividades sexan necesarias en todos os ámbitos para o cumprimento dos fins do Partido.
5. Promover a edición do órgano oficial do Partido.
6. Presentar os orzamentos do Partido á Mesa Nacional nos tres primeiros meses de cada exercicio.

Artigo 33

1. A Comisión Executiva Nacional xuntarase coa frecuencia que por si mesma acorde. Normalmente será convocada polo Secretario Xeral ou a petición por escrito dun terzo dos seus membros.
2. As decisións da Comisión Executiva Nacional adoptaranse por maioría simple dos membros presentes. Para que as decisións sexan válidas requirírase que todos os membros foran notificados da xuntanza e o quorum fora de maioría simple.

Artigo 34

1. A Comisión Executiva Nacional estará formada por un número de membros en función das áreas de responsabilidade.
2. Como mínimo, integran a Comisión Executiva Nacional:
 - Secretario Nacional
 - Presidente
 - Coordinador Executivo
 - Secretario Nacional de Organización

- Secretario Nacional de Finanzas
- Representante da Asemblea de EN/Mocidade

Artigo 35

1. A responsabilidade da Comisión Executiva Nacional é colexiada o que non exime ós seus membros da responsabilidade no desempeño das súas funcións perante a Mesa Nacional.
2. O cese dos membros da Comisión Executiva Nacional poderá producirse a petición propia ou a proposta do secretario nacional á Mesa Nacional.

Art. 36

1. As deliberacións da Comisión Executiva Nacional son reservadas. Faranse constar na acta os votos particulares que houbera sobre as decisións recaídas.
2. Ao inicio de cada xeira política, a Mesa Nacional, na súa primeira xuntanza, aprobará o regulamento interno da Comisión Executiva Nacional a proposta desta.

Artigo 37

Debe estar estruturada por áreas concretas de traballo e a cada Secretario Executivo asignaráselle traballos concretos dalgunha área. A Comisión executiva debe, para mellorar a súa efectividade, impulsar comisións de traballo abertas a toda a militancia, coordinadas por unha persoa da executiva e cunha dinámica de traballo propia.

Artigo 38

As vacantes que se produzan na Comisión Executiva Nacional poderán ser cubertas por elección, na Mesa Nacional a proposta do Secretario Nacional.

Artigo 39

A Comisión Executiva Nacional, através da Secretaria Nacional de Organización, asegura o seguimento de afiliación do Partido, a custodia do Censo Nacional de militantes, distribuirá os carnés e carimbos que correspondan, poderá resolver a baixa daqueles militantes que adeuden máis de seis meses de cotización.

Artigo 40

A Comisión Executiva Nacional poderá suspender de militancia, provisionalmente, de forma inmediata, á espera da suspensión firme e resolución do expediente que proceda, no caso de faltas consideradas moi graves.

SECCIÓN IV: DA SECRETARÍA NACIONAL

Artigo 41

O SECRETARIO NACIONAL será o/a máximo/a responsábel do partido en todos os ámbitos. Responderá conxuntamente do traballo da Executiva Nacional e presidirá todos os actos e órganos do Partido.

Artigo 42

À Secretaria Nacional corresponde-lle a portavocia do Partido sendo, salvo delegación específica, a única voz oficial. Poderá delegar no/a Coordinador/a Executivo/a aquelas cuestións que considerar oportunas, se ben esta delegación deberá ser aprobada pola Executiva. Autoriza coa súa firma todos os documentos políticos, orgánicos e administrativos.

Artigo 43

1. Será electo/a pola Asemblea Nacional, unha vez que a candidatura que encabece teña atingido o maior número de votos.
2. A súa vacante será coberta até a celebración da Asemblea, por decisión da Mesa Nacional, por maioría de 2/3.

SECCIÓN V: DA PRESIDENCIA NACIONAL

Artigo 44

1. Representará públicamente a EN por delegación do Secretário Nacional.
2. Será elixido/a pola Asemblea Nacional, a proposta da Mesa Nacional e será membro nato da Mesa Nacional e da súa Executiva.

SECCIÓN VI: DA COMISIÓN DE GARANTÍAS

Artigo 45

1. A Asemblea Nacional de Esquerda Nacionalista elixe unha Comisión de Garantías, formada por 5 membros titulares e 3 suplentes, entre afiliados/as cuxa titularidade deberán corresponder, cando menos a 3 comarcas distintas. O seu mandato coincidirá co da Mesa Nacional.
2. A condición de membro da Comisión de Garantías é incompatible cos de membro da Comisión Executiva Nacional.
3. A Comisión de Garantías elaborará un Regulamento de funcionamento que deberá ser ratificado pola Mesa Nacional.
4. As decisións da Comisión de Garantías, non admitirán recurso algún e expresaranse através de resolucións, advertencias ou recomendacións.

Artigo 46

A Comisión Executiva Nacional, e a Mesa Nacional a pedimento dunha Asemblea Comarcal son competentes para incoar expedientes disciplinarios, ben de oficio ou a instancia razonada de parte, de acordo ao previsto no Regulamento da Comisión de Garantías.

Artigo 47

Os expedientes referidos a conductas constitutivas de falta leve, grave ou moi grave, resolveranse pola Comisión Executiva Nacional, e contra as resolucións caberá recurso ante a Comisión de Garantías.

CAPÍTULO II: DA ORGANIZACIÓN COMARCAL E LOCAL

Artigo 48

EN basea a súa estrutura na constituición de grupos asembleáricos comarciais e locais, estando formados os mesmos por todos os/as militantes da Comarca e localidade respectivamente.

Artigo 49

Para a constituición dunha Asemblea Comarcal cos dereitos e competencias que se reseñan máis adiante será preciso:

- a) Acordo maioritario dos militantes desas localidades, reunidos en asemblea convocada

ao feito.

b) Acordo da Mesa Nacional a proposta da Executiva Nacional.

c) A Comisión Executiva Nacional, cando os intereses xerais do Partido o aconsellen, e previa consulta á Coordinadora Comarcal, propondrá á Mesa Nacional a disolución daquelas Asembleas Locais que non veñan impulsando, coa eficacia requerida, a política global do Partido na súa circunscrición.

SECCIÓN I: DAS ASEMBLEAS COMARCAIS

Artigo 50

A ASEMBLEA COMARCAL é o máximo órgano de decisión de EN na comarca e está composta por todos os militantes da mesma. As súas atribucións será a definición dos criterios políticos e organizativos da comarca e a elección dos cargos comarcais.

Artigo 51

1. A Asemblea Comarcal reunirse dun xeito ordinario cada tres meses mediante convocatoria, con 15 días de antelación, da Mesa Comarcal, quen deberá presentar á mesma un informe da súa xestión.

2. Asegurarase, en todo caso, o prazo de tempo imprescindible para a recepción das convocatorias e documentación necesaria para os debates. Extraordinariamente poderase reunir a soicitude dun terzo dos militantes da Comarca ou a petición da maioría simple dos membros da Mesa Comarcal, efectuada cunha antelación mínima de sete días.

Artigo 52

As Asembleas Comarcais poderán eleixir unha Mesa Comarcal, sendo os seus membros eleitos entre os/as militantes da comarca seguindo o procedemento de elección dos órganos nacionais.

Artigo 53

1. A Mesa Comarcal estará composta por un número de membros non inferior a 5 nen superior a 9. o portavoz de cada Mesa Local pasará a ser membro de pleno dereito da Mesa Comarcal.

De entre os seus membros elegerase

- Secretario/a Comarcal
- Vice-secretario Comarcal
- Secretario de Organización
- Secretario de Finanzas
- Representante comarcal de EN/Mocidade.

2. O Vice-responsábel Comarcal substituirá ao Responsábel Comarcal, con voz e voto, cando este non poda asistir ás Mesas Nacionais.

3. Integrarán a Mesa Comarcal con dereito a voz e voto os militantes da comarca que fagan parte da Mesa Nacional.

Artigo 54

Serán atribucións súas a organización de Comarca, a coordinación dos grupos locais, as relacións cos medios de comunicación e outras organizacións políticas da comarca.

Artigo 55

Reunirse ordinariamente unha vez ao mes convocada polo Portavoz Comarcal e extraordinariamente a petición dun terzo dos seus integrantes, respectándose sempre o

prazo de catro días de facilitándose a orde do día prévia.

Artigo 56

Ningún militante poderá pertencer nin exercer responsabilidades orgánicas noutra comarca que non sexa a do seu lugar de militancia.

SECCIÓN II: DAS ASEMBLEAS LOCAIS

Artigo 57

1. Naquelas localidades en que o número de militantes sexa superior a 6, poderanse constituir Asembleas locais que elixerán unha Mesa Local non inferior a 3 nen superior a 6 membros.
2. De entre eles elixerá nun Portavoz Local.
3. A súa composición e competencias serán similares ás indicadas para as Mesas Comarcais mais sempre dentro do seu ámbito e supeditadas as súas decisións e actuacións á aprobación da Mesa Comarcal naqueles asuntos que podan repercutir na Comarca de maneira xeral.

SECCIÓN III: COORDENACIÓN DISTRITAL

Artigo 58

1. A MESA DISTRITAL será o órgano de coordinación provincial encargado de tratar as diferentes cuestións de carácter institucional e electoral que abranxen a máis de unha comarca.
2. O seu funcionamento será axustado á propia actividade política do seu ámbito en función da actividade da Mesa Nacional. Reunirá-se cunha periodicidade bimensal e será convocada polo Coordinador ou a pedimento de 3/5 dos seus membros.
3. Serán membros natos os responsábeis comarcais e os militantes que ocupen cargos institucionais do BNG nese ámbito xeográfico. Tamén formarán parte deste organismo un representante máis por cada comarca.
4. Unha vez constituído este organismo, elixeráse, de entre os seus membros, un Coordinador da Coordinadora. A esta persoa, corresponderá-lle coordinar as actividades do órgano e asegurar a correcta articulación coas Asembleas Comarcais e Mesa Nacional, da que formará parte.

TÍTULO III: DAS FINANZAS

Artigo 59

A Mesa Nacional de Esquerda Nacionalista aprobará unha CARTA FINANCEIRA na que se recollerán os seguintes criterios:

- .1 Fixación da cota a abonar, tratando de artellar alternativas para aqueles militantes de menor poder adquisitivo. Como regra xeral a cota establece-se en 3€ mensuais.
- .2 O abono de cotas farase de forma prioritaria con domiciliación bancaria e semestralmente.
- .3 Centralizarase o abono na Secretaria de Finanzas que reverterá trimestralmente un 30% do total das cotas recadas por cada comarca para sustentamento dos gastos da mesma.
- .4 Cada semestre as Comarcas remeterán o estado de contas, con detalle dos gastos e ingresos tidos nese período.
- .5 Así mesmo o Secretario de Finanzas remeterá á Comisión Executiva un informe semestral.
- .6 Anualmente e coincidindo coa primeira xuntanza da Mesa Nacional, o Secretario de Finanzas, renderá balanço de contas do exercicio finalizado.
- .7 No último trimestre do ano apresentará proxecto de orzamento para o ano entrante que deberá ser ratificado pola Mesa Nacional, previa aprobación da Comisión Executiva.
- .8 Ademais, na carta financeira concretarán-se outros conceptos como salários, gastos de desprazamentos, dietas, cotas extraordinarias e outros que puideren xurdir.

Artigo 60

A cota mínima por afiliado a que se refire o artigo anterior poderá ser revisada anualmente polo Mesa Nacional.

Artigo 61

A Comisión Executiva Nacional poderá propoñer cotas extraordinarias para a súa aprobación polo Mesa Nacional

Artigo 62

A Comisión Executiva Nacional proporá a Mesa Nacional para a súa aprobación, a cota especial por alto cargo ou asimilado, así como o regulamento para fixala súa cuantía e os mecanismos de revisión da mesma.

Artigo 63

A Mesa Nacional fixará as cotas que deberán abonar ao Partido os Cargos Públicos, así como os órganos que haberán de beneficiarse de ditos ingresos.

TÍTULO IV: DA FORMACIÓN.

Artigo 64

1. A Mesa Nacional de EN e as Mesas Comarcais procurarán atención importante á formación da militancia, para isto EN disporá dunha publicación, coordinada desde a

Mesa Nacional, cuxa función principal será a información política, a formación teórica e o intercambio de ideas.

2. Tamén se procurarán debates, charlas e encontros sobre temas específicos, e calquer outras actividade que mellore a concienciación e cualificación militante.

TÍTULO VI: DAS MOCIDADES

Artigo 65

1. A Asemblea de EN/Mocidade, composta polos/as militantes mozos/as que actúan politicamente en ámbitos xuvenís, ten como función deseñar a política de xuventude de EN e, asimesmo, impulsar as ideas e liñas políticas do EN entre a mocidade.

2. Os/as militantes de EN/Mocidade deberán solicitar a súa afiliación como militantes de Galiza Nova.

3. A Asemblea de EN/Mocidade escollerá un portavoz entre a súa militancia que a representará na Mesa Nacional e Executiva Nacional do Partido. EN/Mocidade manterá informada puntualmente das súas actividades á Comisión Executiva.

DISPOSICION TRANSITORIA

No prazo de tres meses após a celebración da Asemblea Nacional a Mesa Nacional elaborará para a súa posterior aprobación un regulamento as normas de réxime interno.